

PREGUNTAS FRECUENTES

Que escolas forman parte da Rede De escolas infantís Municipais do Concello de Santiago?

| E.I.M de Conxo (inaugurada no 2002) | A E.I.M das Fontiñas (inaugurada no 2006) | E.I.M de Meixonfrío-Salgueiriños (inaugurada no 2012). |
|--|---|---|
|  |  |  |

Onde están as escolas situadas?

- **E. I. M. DE CONXO**, “Escola de Min” situada na Praza Aurelio Aguirre nº 1 en Conxo.
- **E. I. M. DAS FONTIÑAS**, “ Escola do Coelliño Branco”, en Fontes do Sar nº 1, Fontiñas,
- **E.I.M DE MEIXONFRIO SALGUEIRIÑOS**, situada na rúa do lavadoiro s/n

Como se pode contactar coas escolas?

| Escola | E.I.M de Conxo | A E.I.M das Fontiñas | E.I.M de Meixonfrío-Salgueiriños |
|---------------|-----------------------|-----------------------------|---|
| Teléfono | 981528702 | 981528703 | 981528707 |
| Correo @ | eimdeconxo@yahoo.com | eimdasfontinas@yahoo.com | eimdemeixonfrio@yahoo.com |

O neno/a ten que estar empadroado no Concello de Santiago para solicitar praza?

SI, e requisito IMPRESCINDIBLE que o neno/a se atope empadroado no Concello de Santiago no momento de solicitar praza para calquera das tres escolas da rede.

Darse de baixa no padrón do concello e motivo de baixa na escola infantil.

No caso de un neno/a non nado a condición de empadroamento será da nai xestante ou persoa que no futuro exerza a patria potestade.

Cal é o horario das escolas?

Todas as escolas teñen os mesmos horarios:

- De 07:30 a 20:30 horas de luns a venres.
- Nos períodos de Nadal, Semana Santa e nos meses de verán, considerados *servicios mínimos* as escolas abren de 07:30 a 16:00 horas.
- As EIM pecharán durante o mes de Agosto, agás que polo menos 10 nenos/as dos que asisten a elas precisen do servizo e así xustifiquen documentalmente mediante escrito que deberán achegar ao Departamento de Educación antes do 15 de Xuño.
- As escolas permanecen pechadas os festivos locais de Santiago e nacionais, así como na ponde da Ascensión.

Cal é a capacidade de das escolas?

| Escola | E.I.M de Conxo | A E.I.M das Fontiñas | E.I.M de Meixonfrío-Salgueiriños |
|-------------------|-----------------------|-----------------------------|---|
| Aulas de 0-1 anos | 1 | 1 | 3 |
| Aulas de 1-2 anos | 1 | 1 | 3 |
| Aulas de 2-3 anos | 2 | 2 | 3 |
| Total de aulas | 4 | 4 | 9 |

| Escola | E.I.M de Conxo | A E.I.M das Fontiñas | E.I.M de Meixonfrío-Salgueiriños |
|-----------------|-----------------------|-----------------------------|---|
| Prazas 0-1 anos | 8 | 8 | 24 |
| Prazas 1-2 anos | 13 | 13 | 39 |
| Prazas 2-3 anos | 40 | 40 | 60 |
| Total de prazas | 61 | 61 | 123 |

Hai horarios establecidos de entradas e saídas?

Como un dos ideais das escolas e o de axudar as familias a conciliar a súa vida familiar e laboral da mellor forma posible dende a Rede de Escolas se lles da plena flexibilidade ás familias a hora de elixir os horarios de entradas e saídas dos seus fillos/as. Coa limitación de que, unha vez que estes son confirmados teranse que manter durante todo o curso escolar. De ser preciso cambialos este cambio terase que solicitar por escrito e esperar a que se conceda dito cambio de horario.

A recomendación é que o neno/a este na escola seis horas pero en ningún caso poderá sobrepasar as oito horas salvo que o solicite e xustifique documentalmente ande o Concello de Santiago.

Pódese pedir praza para un neno non nado?

Si, o requisito para que poda matricularse e que teñan nacido antes do 1 de setembro, se nacesse despois desa data pode solicitar praza pero quedaría en listaxe de agarda.

Pódese pedir praza para as tres escolas á vez?

Si, a solicitude é única para as tres escolas no caso de solicitar praza en máis de unha das escolas terán que marcar o orde de preferencia a hora de optar á mesma.

As escolas contan con Servizos complementarios?

As escolas dispoñen de servizos para os nenos e nenas do 2º ciclo de educación infantil, aprobada pola Xunta de Goberno do Concello de Santiago na sesión celebrada o día 15 de novembro de 2004 e que contempla o seguinte:

1. **Obradoiros polas tardes:** de luns a venres, durante o curso escolar (setembro a xuño) teñen como destinatarios os nenos/as do 2º ciclo de Educación infantil (3 a 8 anos). Durante os períodos vacacionais (Nadal, Semana santa, Antroido,...) realizárianse en horario de mañá.
2. **Obradoiros de verán:** de luns a venres para nenos/as do 2º ciclo de Educación infantil (3 a 8 anos), realizaríanse nos meses de xullo e agosto, en horario de mañá.

Os obradoiros non interferirían na actividade do alumnado da escola infantil.

Existe un protocolo COVID na REIM?

Si, dende o inicio da alerta sanitaria provocada pola COVID 19 mantense un protocolo de medidas de hixiene e seguridade ante o COVID que se pon a disposición de todas as familias no momento de formalizar a praza e é de obrigado cumprimento para todas as familias.